



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003212	IES AGRA DE RAÍCES	Cee	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	SANIDADE	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA	MEDIO	PROBAS LIBRES

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
CM0304	Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material	2023/2024	0	160	192

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EVA TRASMONTA CASTIÑEIRA
Outro profesorado	

## 2. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan

Capacidades terminais elementais do currículo
CTE1 - Realízala preparación de camas, berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.
CTE2 - Diferenciar os compoñentes da unidade do paciente e analizar as condicións hixiénico sanitarias que debe cumprir, describindo os métodos e as técnicas para conseguilas.
CTE3 - Aplicar técnicas de limpeza e desinfección aos materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.
CTE4 - Esterilizar os materiais e instrumentos sanitarios, realizar os controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril
CTE5 - Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias actuando sobre a transmisión de enfermidades aplicando as medidas individuais e colectivas establecidas.
CTE6 - Utilizar as medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente..
CTE7 - Seleccionar os medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recolleita adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente para realizar o estudo solicitado.
CTE8 - Realizar e eliminar os refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

Criterios de avaliación
Descríbese a estrutura xeral e composición da unidade do paciente segundo o tipo de servizo, así como os factores ambientais.
Identifícanse e diferencíanse os diferentes tipos de camas.
Coñécense os diferentes accesorios de cama atendendo ás necesidades do doente.
Seleccionouse a roupa da cama segundo tipo de cama e necesidades do doente.
Descríbese a correcta manipulación da lencería limpa e sucia.
Identifícanse e describíronse as técnicas para facer a cama hospitalaria, atendendo ao tipo de cama.
Comentáronse as fases históricas dos cuidados de enfermería.
Coñeceuse o Rol do TCAE na hixiene do medio hospitalario e na limpeza do material.
Identifícanse os elementos da unidade do paciente e da unidade de enfermería.
Descríbense as características e uso dos elementos da unidade do paciente e da unidade de enfermería.
Descríbense as características e uso do material médico e cirúrxico de uso máis frecuente no hospital.
Identificouse o material e describiuse o uso e mantemento do carro de curas e do carro de paradas.
Descríbense os principios básicos da hixiene e desinfección no medio hospitalario.
Descríbense as distintas técnicas de limpeza do material.
Establecéronse as diferenzas entre limpeza, desinfección e esterilización.

Descríbense os desinfectantes químicos de uso habitual.
Identifícanse os desinfectantes e antisépticos segundo o seu uso no ámbito hospitalario.
Descríbense os métodos e técnicas de desinfección, así como os mecanismos de acción dos desinfectantes.
Descríbense os principios básicos e dinámica da esterilización.
Identifícanse e descríbense os distintos tipos e pasos a seguir na esterilización por métodos físicos e químicos.
Identifícanse e descríbense as técnicas de almacenamento e conservación do material estéril.
Descríbese o que é unha enfermidade transmisible e a cadea epidemiolóxica..
Enumeráronse os principais axentes infecciosos e as enfermidades máis frecuentes que producen.
Descríbense os principais mecanismos de transmisión das enfermidades.
Clasifícanse as enfermidades transmisibles segundo o seu axente etiolóxico.
Explicouse o significado de infección nosocomial e numeráronse as principais infeccións nosocomiais
Identifícanse e descríbense as precaucións estándar durante a atención e coidado ao paciente..
Descríbense os distintos tipos de inmunización e a importancia do calendario vacinal.
Explicouse cobertura vacinal que debe ter o traballador sanitario.
Enumeráronse os distintos tipos de illamento.
Descríbense as diferentes técnicas de illamento.
Identifícanse os distintos tipos de illamento segundo a patoloxía do paciente.
Identifícanse os diversos equipos/prendas/accesorios segundo o tipo de illamento.
Descríbense as características normais dos esputos, vómitos, ouriños e feces.
Aplicáronse métodos de transporte e almacenamento das distintas mostras biolóxicas.
Descríbense as normas de seguridade e hixiene na recollida e transporte de mostras biolóxicas
Identificouse o material e describiuse o procedemento de recollida das distintas mostras biolóxicas.
Enumeráronse os distintos grupos e tipos de residuos.
Descríbense as características dos diferentes tipos de residuos.
Clasifícanse correctamente os residuos.
Indicáronse os distintos métodos de recollida, transporte e eliminación.
Explicáronse as medidas de precaución, control e seguridade para o manexo dos distintos residuos.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe/Capacidades terminais elementais do currículo que se tratan

Capacidades terminais elementais do currículo
CTE1 - Realízala preparación de camas, berces e incubadoras segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.
CTE2 - Diferencialos compoñentes da unidade do paciente e analizalas condicións hixiénico sanitarias que debe cumprir, describindo os métodos e as técnicas para conseguilas.
CTE3 - Aplicar técnicas de limpeza e desinfección aos materiais e instrumentos utilizados na asistencia sanitaria.
CTE4 - Esterilizar os materiais e instrumentos sanitarios, realizar os controis correspondentes e almacenar adecuadamente o material estéril
CTE5 - Contribuír na prevención de infeccións hospitalarias actuando sobre a transmisión de enfermidades aplicando as medidas individuais e colectivas establecidas.
CTE6 - Utilizalas medidas de illamento necesarias segundo a situación, estado e idade do paciente..
CTE7 - Seleccionalos medios e técnicas en función do tipo de mostra biolóxica a recoller e aplicar a técnica de recolleita adecuada ó estado e idade do paciente ou cliente para realizar o estudio solicitado.
CTE8 - Realizar e eliminar os refugallos clínicos segundo os protocolos de hixiene e seguridade establecidos.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades terminais elementais por parte do alumnado

Criterios de avaliación
Seleccionouse e manipulouse a roupa da cama segundo tipo de cama e necesidades do doente.
Realizáronse os diferentes tipos de cama hospitalaria, berces e incubadoras, segundo as técnicas correspondentes.
Identificouse o material clínico- cirúrxico de uso mais frecuente no hospital.
Ordenouse e limpouse o carro de curas e o carro de paradas.
Identificouse o material do carro de curas e do carro de paradas.
Aplicáronse as distintas técnicas de limpeza e desinfección atendendo ao tipo de material.
Identificáronse os métodos de esterilización: físicos e químicos.
Realizáronse técnicas de limpeza, desinfección e esterilización dos materiais e instrumentos sanitarios por métodos físicos.
Leváronse a cabo as precaucións estándar durante a atención e coidado ao paciente.
Utilizáronse os diversos equipos/prendas/accesorios segundo o tipo de illamento.
Leváronse a cabo as precaucións estándar e específicas segundo tipo de illamento.
Identificáronse as distintas alteracións que se poden observar nas eliminacións do doente.
Preparouse material e realizouse o procedemento de recollida das distintas mostras biolóxicas.
Aplicáronse métodos de transporte e almacenamento das distintas mostras biolóxicas.
Aplicáronse normas de seguridade e hixiene na recollida e transporte de mostras biolóxicas
Clasificáronse correctamente os residuos.

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliación recollidos na presente programación didáctica son mínimos exixibles.

Criterios de cualificación:

- **Primeira parte da proba:** proba escrita teórica combinada de preguntas tipo test, de relacionar, de verdadeiro/falso e/ou preguntas curtas. Esta proba é eliminatória, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos e para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- **Segunda parte da proba:** proba práctica que só poderán realizala aquelas persoas que superaran a primeira parte da proba (proba teórica). Esta proba tamén é eliminatória, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos e, para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos sobre dez. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte da proba.

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, sempre que cada unha das partes sexan superadas cunha puntuación de cinco ou superior sobre dez. Esta cualificación final será expresada en números enteiros, redondeada á unidade máis próxima en caso de ser un resultado con decimais. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ((copiar, empregar teléfonos móbiles ou reloxo dixital, etc) ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións durante a realización das probas. Neste caso, o/a profesor/a do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Para o acceso ás aulas onde se realicen as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos (teléfono móbil, reloxo intelixentes, etc), o uso destes dispositivos durante a proba será motivo de expulsión da proba.

### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

#### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba ten como finalidade a avaliación dos criterios teóricos recollidos no epígrafe 2.1.2 desta programación.

Consistirá nunha proba escrita combinada de preguntas tipo test, de verdadeiro/falso, de relacionar, de resposta curta e/ou recoñecemento de imaxes nas que se tratarán unha mostra suficientemente significativa dos CA sinalados na presente programación.

- Preguntas tipo test: terán catro ou cinco posibles opcións, das cales só unha será a correcta. Cada resposta correcta sumará un punto e cada tres respostas incorrectas restarán un punto sobre a puntuación final desta proba. As preguntas non contestadas non suman nin restan puntos.
- Preguntas de verdadeiro falso: hai que xustificar as falsas, se non se xustifican non contarán. Cada resposta correcta sumará un punto e cada tres respostas incorrectas restarán un punto sobre a puntuación final desta proba. As preguntas non contestadas non suman nin restan puntos.
- Preguntas de relacionar, de resposta curta e/ou recoñecemento de imaxes: cada resposta correcta suma un punto, as respostas incorrectas e as non contestadas non suman nin restan.

A proba irá acompañada dunha plantilla de respostas, só se corruxirán as respostas recollidas na plantilla de respostas. Escribírase con letra clara e lexible, as respostas non lexibles ou dubidosas consideraranse incorrectas.

A proba puntuarase de 0 a 10 e requírase dun mínimo de 5 para superala.

A duración da proba teórica será de dúas horas.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul (de tinta indeleble) e non se permitirá o uso de corrector.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa

Non está permitido sacar da aula ningún documento das probas.

Unha vez comezada a proba, non se poderá saír ata rematala. No caso de precisar saír da aula por cuestións debidamente xustificadas, só se permitirá dita saída sendo acompañada por un docente, que custodiará calquera dispositivo de comunicación.

#### 4.b) Segunda parte da proba

Esta segunda parte da proba ten como finalidade a avaliación dos criterios máis procedementais do módulo, recollidos no epígrafe 2.2.2 desta programación.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A proba consistirá en resolver casos prácticos en papel e/ou realización de práctica real na aula taller de enfermaría.

O valor de cada pregunta ou suposto práctico irá expresado na propia proba. Para a corrección desta parte, o/a profesor/a poderá empregar lista de cotexo, rúbrica e/ou plantilla de respostas. A proba puntuarase de 0 a 10 e requirirase dun mínimo de 5 para superala.

A duración da proba práctica será de noventa minutos.

Para a realización da proba será necesario o uso de uniformidade correcta e bolígrafo azul (de tinta indeleble) e non se permitirá o uso de corrector. Durante a realización da proba deberase cumprir coas normas de seguridade e hixiene no ámbito hospitalario.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado enriba da mesa

Non está permitido sacar da aula ningún documento das probas.

Unha vez comezada a proba, non se poderá saír da aula ata rematala. No caso de precisar saír da aula por cuestións debidamente xustificadas, só se permitirá a saída fora da aula acompañado por un docente, que custodiará calquera dispositivo de comunicación.

O orde para o chamamento á proba publicarase xunto coa cualificación da primeira parte da proba.